Memoria de seguridade viaria

2025



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

MEMORIA DE SEGURIDADE VIARIA

2025

ÍNDICE

0. INTRODUCIÓN.....5

1. INTRODUCIÓN.....6

2. PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA.....6

3. PROCESO DE ANÁLISE DA SINIESTRALIDADE.....7

3.1 TRATAMENTO DA INFORMACIÓN.....8

3.2 ANÁLISE DA INFORMACIÓN.....8

4. TIPO DE ACTUACIÓNS.....9

5. DATOS XERAIS DA SINIESTRALIDADE NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA 2025.....11

1. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA ACCIDENTALIDADE NOS ÚLTIMOS DEZ ANOS.....12

1 ACCIDENTES CON VÍTIMAS.....13

TIPOLOXÍA DOS ACCIDENTES CON VÍTIMAS ENTRE OS ANOS 2016 A 2025.....17

2. MORTALIDADE.....19

MORTALIDADE SEGUNDO O TIPO DE ACCIDENTE. ANOS 2016 A 2025.....22

3. ÍNDICES DE SINIESTRALIDADE.....24

3.1 ÍNDICE DE PERIGROSIDADE.....24

3.2 ÍNDICE DE MORTALIDADE.....25

4. EVOLUCIÓN COMPARADA: REDE XUNTA – REDE TOTAL DE GALICIA.....26

2. ACCIDENTALIDADE DO ANO 2025.....38

1. ACCIDENTES CON VÍTIMAS.....39

2. FACTORES CONCORRENTES DOS ACCIDENTES.....50

3. ACCIDENTES EN INTERSECCIÓNS.....70

4. ACCIDENTES SEGUNDO O TIPO DE VEHÍCULO.....74

5. USO DOS ACCESORIOS DE SEGURIDADE.....75

6. ACCIDENTES POR IDADE.....76

7. ACCIDENTES DE ATROPELOS DE PEÓNS.....81

8. ACCIDENTES DE MOTOCICLETAS.....96

9. ACCIDENTES DE CICLISTAS.....106

10. ATROPELOS DE ANIMAIS.....114
11. TRAMOS DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES.....123
12. TRAMOS DE ALTO POTENCIAL DE MELLORA (TAPM).....132
13. CUSTOS DA ACCIDENTALIDADE.....135

3.FOTOS DALGUNHAS ACTUACIÓNS DE SEGURIDADE VIARIA.....137

ANEXOS.....165

INTRODUCCIÓN

1 INTRODUCIÓN

Nesta Memoria de Seguridade Viaria recopílanse os accidentes rexistrados na rede de titularidade autonómica de Galicia. A análise dos accidentes ten como obxectivo conseguir a súa redución, tanto en número como en gravidade.

Para diminuír a accidentalidade actúase sobre a estrada e sobre a súa contorna, mediante investimentos con contías moi diferentes, e incluso con medidas sen custo, como pode ser unha adecuada planificación urbanística. Tamén se actúa sobre os usuarios das estradas, prestando especial atención aos máis vulnerables como os peóns, motoristas e ciclistas, nenos e persoas maiores.

Posto que os recursos económicos sempre están limitados, hai que optimizar o seu emprego. Aínda que existen diferentes criterios de rendibilidade dos investimentos públicos, a maioría das administracións coinciden, en materia de seguridade viaria, ao centrar os seus esforzos nos puntos ou tramos da rede onde se constate unha perigosidade superior á media.

Nesta Memoria de Seguridade Viaria aparecen os chamados Tramos de Concentración de Accidentes (TCA), que son os treitos calculados por un método xeralmente recoñecido para traballar en seguridade viaria. Estes tramos obtéñense a partir dos datos de accidentes con vítimas dos cinco últimos anos e do tráfico rexistrado (IMD) no dito período, grazas á Memoria de tráfico da rede autonómica de Galicia. Con estes datos calcúlase o Índice de Perigosidade (IP), que relaciona os accidentes con vítimas co tráfico, e Índice de Mortalidade (IM) que relaciona número de mortos e o tráfico.

2 PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA

O 28 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, cuxo lema é o da "Visión cero", é dicir, que o horizonte buscado coas medidas que vai desenvolver o Plan é o da redución ao mínimo posible das vítimas en accidentes de tráfico nas estradas galegas, de modo que nos aproximemos a un obxectivo final de cero vítimas de accidentes de tráfico.


O Plan enmarcarase nas estratexias actuais de carácter nacional e internacional de seguridade viaria e traballa en todos os ámbitos que afectan á seguridade viaria: non só se trata de mellorar as infraestruturas, senón tamén de promover a educación e formación viaria, mellorar o comportamento, garantir o bo estado dos vehículos, priorizar a seguridade viaria no lugar de traballo, chegar a acordos entre os implicados, etc.

No momento de redacción desta memoria, estase a desenvolver o documento do seguinte Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2026-2030.

3 PROCESO DE ANÁLISE DA SINIESTRALIDADE

As etapas básicas na elaboración da memoria son:

3.1.- Tratamento da información.
3.2.- Análise da accidentalidade.



3.1 TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

A fonte de datos para o estudo dos accidentes son os partes de accidentes (informes ARENA2) elaborados polos axentes dos corpos de seguridade, como son a garda civil de tráfico e policías locais.

No que respecta aos mortos, ao basearnos nos partes, as nosas estatísticas de mortos (e do resto de parámetros) refírense exclusivamente aos datos reflectidos neles (persoas falecidas a 24 horas), asumíndose pequenas desviacións sobre a realidade.

Logo de revisados e cumprimentados os partes de accidentes ocorridos nas distintas estradas da rede de titularidade autonómica, intégranse nunha base de datos informática, que se relaciona cunha aplicación informática creada expresamente para este fin. A base de datos recolle os partes de accidentes dende o ano 1996 e a aplicación permite a consulta rápida de datos, elaboración de estatísticas, cálculo de TCA, etc.

Na breve introdución da memoria citábase a relación entre os accidentes e o tráfico, necesaria para o cálculo dos índices de siniestralidade e dos TCA. A intensidade do tráfico coñécese por medio da Memoria de tráfico da rede autonómica de Galicia que se ven desenvolvendo dende o ano 1993. Grazas ás estacións de aforo situadas en puntos estratéxicos da rede podemos coñecer a Intensidade Media Diaria (IMD), a composición do tráfico (vehículos pesados e lixeiros), as variacións do tráfico (diarias, semanais e mensuais) e as súas características (distribución por sentidos, velocidades, niveis de servizo).

Por último para o deseño das actuacións, tense en conta a normativa e recomendacións técnicas vixentes.

3.2 ANÁLISE DA ACCIDENTALIDADE

Logo de ter os datos dos accidentes rexistrados, lévase a cabo unha análise en profundidade en todos os aspectos que afectan á seguridade viaria, co obxectivo de minimizar a lesividade dos accidentes. Así, procédese ao cálculo informatizado dos tramos de concentración de accidentes (TCA), que son os tramos da rede nos que se rexistra unha perigosidade superior á media.

Por outro lado, detéctanse os tramos nos que con obras específicas de eliminación de obstáculos en estradas, se consigan "estradas que perdoen" os erros que podemos cometer como condutores e darnos unha segunda oportunidade de voltar á calzada, é dicir, os treitos de alto potencial de mellora (TAPM). Os tipos de actuacións a realizar neses treitos son moi diversas: melloras do firme, da sinalización e do balizamiento, dos sistemas de contención, da iluminación, dos itinerarios peonís, das intersección, medidas de calmado do tráfico e de acondicionamento de marxes.

Tamén se localizan puntos concretos que requiren de melloras localizadas de seguridade viaria, como reformas de intersección viarias, tales como glorietas, pasos de peóns, etc.

E para poder priorizar actuacións e coa problemática actual do elevado número de atropelos de animais na calzada, especialmente xabaril e corzo, calcúlanse os tramos de concentración de atropelos de animais (TCAAs).

4 TIPO DE ACTUACIÓNS

Logo de ser tratada a información e analizada a accidentalidade, decídese a actuación a levar a cabo, que pode ser desde unha actuación de baixo custo ata a redación dun proxecto de mellora de seguridade viaria.

Nalgúns casos, elabóranse ambiciosas Estratexias de Actuación, que logo de executadas, desprenden moi bos resultados.

Posto que os recursos dispoñibles son limitados, é preciso priorizar as actuacións por medio de criterios obxectivos de rendibilidade do investimento.

As actuacións en seguridade viaria son moi diferentes: de tipo paliativo, cando se levan a cabo actuacións co obxectivo de reducir os accidentes e a súa gravidade en puntos ou tramos onde exista constancia da súa perigosidade ou de tipo preventivo cando se actúa en treitos onde se detecta un incremento de accidentalidade con actuacións tales como a conservación e a renovación ou reforzo do firme, a sinalización, a reordenación de accesos e interseccióńs, a roza da vexetación das marxes das estradas, que é unha medida eficaz contra a entrada de animais nos viarios, ao tempo que mellora a visibilidade do condutor, etc.

Dentro destas actuacións preventivas englóbanse tamén todas as actuacións dirixidas aos usuarios vulnerables que buscan o obxectivo de conseguir vías máis seguras tales como o reparto de elementos reflectantes a peóns e ciclistas, cursos de formación de condución segura para motoristas, o Plan de Sendas de Galicia, co que se está a facer itinerarios peonís e ciclistas seguros, sostibles e integrados na paisaxe, para protexer e incrementar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das estradas, etc.

A seguridade viaria está estreitamente ligada ao resto de funcións propias da administración das estradas. Moitas das actuacións de seguridade viaria inclúense dentro dos proxectos de construción (reordenación de accesos e interseccióńs, tratamento de marxes, etc.) e de conservación (rehabilitación do firme, renovación da sinalización, etc.), polo que a redución dos tramos de concentración de accidentes, principalmente grazas ás actuacións levadas a cabo incluídas nas Estratexias de actuación en TCAs, forma parte dunha filosofía global de traballo na Axencia Galega de Infraestruturas, ao igual que as actuacións de eliminación de obstáculos nas marxes viarias para conformar as "estradas que perdoan". Esta forma de actuar buscando actuar nas marxes das estradas vaise sistemizar para os vindeiros anos, a través da Estratexia de actuación nos Treitos de Alto Potencial de Mellora (TAPM).

Tamén moi importante a conservación de pontes e obras de paso, así como a inspección de muros de contención e noiros das estradas para evitar desprendementos ou caídas.

En relación co Camiño de Santiago, a Xunta de Galicia materializou nos últimos anos unha serie de actuacións para a mellora da seguridade, accesibilidade e integración paisaxística dos Camiños de Santiago.

Co obxectivo de incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos, no uso do transporte público, a Xunta de Galicia está realizando melloras da seguridade e accesibilidade nas paradas de autobús, o que fomentará a diminución do uso dos movementos de corto e medio recorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación, redundando nunha diminución das emisións de partículas nocivas de xeito gradual.


As actuacións encamiñadas á sensibilización en materia de seguridade viaria son importantes para unha maior concienciación da poboación. Nos últimos anos a Xunta de Galicia desenvolveu varias Campañas de seguridade viaria: contra as distraccións provocadas polo uso do teléfono móbil, sobre o respecto na estrada entre condutores e ciclistas; para lembrarlles aos peóns e aos condutores que "na estrada somos pezas fráxiles" e contra as distraccións e o alcohol na condución.

Por outro lado, estáse a traballar no camiño para lograr as estradas intelixentes, dixitalizando documentación e implantando sistemas que ofrezan información ou indicacións útiles aos condutores: incidencias, actuacións en execución ou identificando os puntos con maior probabilidade de irrupción de fauna salvaxe.

En calquera actuación en materia de seguridade viaria é fundamental coñecer a súa eficacia mediante a comparación de datos de accidentalidade antes e despois da actuación. Desta maneira poderase coñecer a verdadeira eficacia da solución executada e a relación custo/beneficio desta.

Estes datos servirán para o deseño futuro de novas actuacións e para un mellor coñecemento sobre as causas dos accidentes, grazas ao que se disporán criterios que permitan un mellor deseño de novas estradas ou de acondicionamento das existentes.

5 DATOS XERAIS DA SINIESTRALIDADE NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA 2025



ACCIDENTALIDADE NOS ÚLTIMOS 10 ANOS

1 ACCIDENTES CON VÍTIMAS

Nestes últimos dez anos, obsérvase que a tendencia no número de accidentes con vítimas foi á baixa na rede autonómica de estradas de Galicia, pasándose de 1254 accidentes no ano 2016 a 1100 no 2025 (-12%).

Na seguinte táboa móstrase o número de accidentes con vítimas ano a ano, coas variacións existentes dun ano ao seguinte, na totalidade da rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma e por provincias:

	GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	1254	485	138	82	549
2017	1210	487	123	77	523
Δ(16-17)	-4%	0,4%	-11%	-6%	-5%
2018	1229	449	125	84	571
Δ(17-18)	2%	-8%	2%	9%	9%
2019	1151	517	123	64	447
Δ(18-19)	-6%	15%	-2%	-24%	-22%
2020	871	329	103	71	368
Δ(19-20)	-24%	-36%	-16%	11%	-18%
2021	940	419	101	70	350
Δ(20-21)	8%	27%	-2%	-1%	-5%
2022	1016	446	92	91	387
Δ(21-22)	8%	6%	-9%	30%	11%
2023	1122	497	81	86	458
Δ(22-23)	10%	11%	-12%	-5%	18%
2024	1077	445	77	85	470
Δ(23-24)	-4%	-10%	-5%	-1%	3%
2025	1100	498	90	101	411
Δ(24-25)	2%	12%	17%	19%	-13%
TOTAL	10970	4572	1053	811	4534

Táboa 1.1: Evolución dos accidentes con vítimas dos anos 2016 ao 2025. Rede autonómica.




Gráfico 1.1: Evolución dos accidentes con vítimas no período de anos 2016 a 2025. Rede autonómica.

Xúntase paralelamente o gráfico da evolución do parque de vehículos na rede total de Galicia nestes anos.




Gráfico 1.2: Evolución do parque de vehículos na rede total de Galicia nos anos 2016 a 2025.

Fonte de datos: Portal estatístico da DXT.

Por outra banda (ver gráfico 1.3), é a provincia de A Coruña a que, nestes últimos 10 anos, rexistra a maior cantidade de accidentes, seguida de Pontevedra, Lugo e por último Ourense. É interesante comparar este gráfico co posterior (1.4) relativo ao parque de vehículos da rede total de Galicia dos anos 2016 a 2025.




Gráfico 1.3.: Distribución provincial dos accidentes con vítimas de 2016 a 2025. Rede autonómica.




Gráfico 1.4.: Distribución provincial do parque de vehículos na rede total de Galicia. Anos 2016 a 2025.

TIPOLOXÍA DOS ACCIDENTES CON VÍTIMAS. ANOS 2016-2025.

A continuación móstrase a evolución dos accidentes nos últimos 10 anos, segundo o tipo de accidente en cada caso, de acordo coa seguinte agrupación:

- **Colisións entre vehículos**: alcance, frontal, frontolateral, lateral, múltiple ou en caravana.
- **Saídas de vía**: choques con árbores, postes, muros, edificios, gabias ou foxos, bordos e despenamento, volta, en plano ou outra saída con e sen colisión.
- **Atropelos:** atropelos a peóns illados ou en grupo, reparando vehículos, sostendo bicicleta.
- **Outros**: vehículo estacionado ou avariado, barreira de defensa, outro obxecto ou material na calzada, volta en calzada, outros, etc.

No gráfico 1.5 indícanse os valores absolutos para cada tipo de accidente, mentres que o gráfico 1.6 ofrece as porcentaxes respecto ao total de accidentes con vítimas.




Gráfico 1.5: Evolución do número de accidentes con vítimas dos anos 2016 – 2025. Rede autonómica.

As colisións entre vehículos son os accidentes máis numerosos, representando a metade destes. Esta relación mantense con certa constancia ao longo do período 2016 a 2025.




Gráfico 1.6: Importancia relativa dos tipos de accidentes con vítimas dos anos 2016 – 2025. Rede autonómica.




Gráfico 1.7: Importancia relativa dos accidentes con vítimas con saída de vía dos anos 2016 – 2025. Rede autonómica.

2 MORTALIDADE

Do mesmo xeito que se analizaron os accidentes con vítimas, estúdanse os mortos en accidentes de tráfico na rede de estradas de titularidade autonómica de Galicia. Como xa se mencionou, estes datos son os que figuran nos partes de accidentes, é dicir son mortos a 24 horas.

Na táboa 2.1 móstranse os datos relativos ao número de mortos nos últimos dez anos na totalidade da rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e segundo a súa distribución provincial.

	GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	44	21	11	3	9
2017	43	22	4	4	13
Δ(16-17)	-2%	5%	-64%	33%	44%
2018	45	24	9	4	8
Δ(17-18)	5%	9%	125%	0%	-38%
2019	36	17	6	3	10
Δ(18-19)	-20%	-29%	-33%	-25%	25%
2020	29	10	3	3	13
Δ(19-20)	-19%	-41%	-50%	0%	30%
2021	40	21	8	1	10
Δ(20-21)	38%	110%	167%	-67%	-23%
2022	40	24	5	6	5
Δ(21-22)	0 %	14%	-38%	500%	-50%
2023	42	14	4	11	13
Δ(22-23)	5%	-42%	-20%	83%	160%
2024	51	23	8	5	15
Δ(23-24)	21%	64%	100%	-55%	15%
2025	41	20	12	2	7
Δ(24-25)	-20%	-13%	50%	-60%	-53%
TOTAL	411	196	70	42	103

Táboa 2.1: Evolución da mortalidade 2016–2025. Rede autonómica.




Gráfico 2.1: Evolución do número de mortos no período de anos 2016 a 2025. Rede autonómica.

A distribución provincial de mortos nestes últimos dez anos é a que se mostra no seguinte gráfico.




Gráfico 2.2: Distribución provincial dos mortos entre 2016 e 2025. Rede autonómica.

MORTALIDADE SEGUNDO O TIPO DE ACCIDENTE. ANOS 2016–2025.

A tipoloxía do accidente agrúpase en catro tipos:

- **Colisións entre vehículos**: alcance, frontal, frontolateral, lateral, múltiple ou en caravana.
- **Saídas de vía**: choques con árbores, postes, muros, edificios, gabias ou foxos, bordos e despenamento, volta, en plano ou outra saída con e sen colisión.
- **Atropelos**: atropelos a peóns illados ou en grupo, reparando vehículos, sostendo bicicleta. Inclúense tanto os peóns mortos como os ocupantes dos vehículos implicados mortos.
- **Outros**: vehículo estacionado ou avariado, barreira de defensa, outro obxecto ou material na calzada, volta en calzada, outros, etc.

No gráfico 2.3 indícanse os valores absolutos para cada tipo de accidente, mentres que o gráfico 2.4 ofrece as porcentaxes respecto ao total de mortos.




Gráfico 2.3.: Evolución do número de mortos dos anos 2016 a 2025, segundo o tipo de accidente. Rede autonómica.

As colisións entre vehículos e as saídas de vía son os accidentes nos que se rexistra un maior número de mortos, representando sobre un 30-59% as primeiras e un 22-45% as segundas, dependendo do ano. Os atropelos xeran en torno a un 10-29% de mortos cada ano.




Gráfico 2.4: Importancia relativa dos tipos de accidentes na mortalidade (2016–2025). Rede autonómica.




Gráfico 2.5: Importancia relativa dos accidentes con saída de vía na mortalidade (2016–2025). Rede autonómica.

3 ÍNDICES DE SINIESTRALIDADE

Este tipo de indicador relaciona os datos de siniestralidade co tráfico que circula por un punto, estrada ou rede. Ao ser valores relativos, permiten efectuar un seguimento da siniestralidade e comparar de xeito fiable as diferentes redes, estradas ou tramos.

Na elaboración da memoria de seguridade viaria empregáronse dous índices, de ampla aceptación entre os diferentes organismos responsables de estradas: o índice de perigosidade e o índice de mortalidade.

3.1 ÍNDICE DE PERIGOSIDADE (IP)

$$IP = \frac{\text{Nº accidentes con vítimas} \times 10^8}{365 \times \text{IMD} \times \text{Lonxitude}}$$

No gráfico 3.1 obsérvase a evolución do IP dende 2016 ata 2025, tanto para o total da rede autonómica como para cada unha das catro provincias.

No anexo do final da memoria móstranse os resultados dos valores nos últimos dez anos.




Gráfico 3.1: Evolución do Índice de Perigosidade dos anos 2016 ao 2025. Rede autonómica.

3.2 ÍNDICE DE MORTALIDADE (IM)

$$IM = \frac{Nº\ mortos\ x\ 10^{8}}{365\ x\ IMD\ x\ Lonxitude}$$

Do mesmo xeito que para o IP, móstranse os datos do IM correspondentes ao período 2016 ao 2025 (gráfico 3.2).

No anexo do final da memoria móstranse os resultados dos valores nos últimos dez anos.




Gráfico 3.2: Evolución do Índice de Mortalidade dos anos 2016 ao 2025. Rede autonómica.

Os IM son sempre máis caóticos que os IP posto que se calculan cun número de datos moi pequeno, o que xera fortes distorsións na estatística.

4 EVOLUCIÓN COMPARADA. REDE AUTONÓMICA–REDE TOTAL DE GALICIA

REDE AUTONÓMICA - REDE TOTAL DE GALICIA

Na seguinte táboa (táboa 4.1) móstranse os datos relativos ao número de accidentes con vítimas nos últimos dez anos nas estradas da Comunidade Autónoma, así como na rede total de Galicia.

	GALICIA		
	Acc. da totalidade da Rede de Galicia	Accidentes da rede autonómica	Accidentes da rede autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de Galicia (%)
2016	2822	1254	44,4%
2017	2859	1210	42,3%
Δ(16-17)	1,3%	-3,5%	
2018	2860	1230	43,0%
Δ(17-18)	0,0%	1,7%	
2019	2783	1151	41,4%
Δ(18-19)	-2,7%	-6,4%	
2020	2065	871	42,1%
Δ (19-20)	-25,8%	-24,3%	
2021	2224	940	42,2%
Δ (20-21)	7,7%	7,9%	
2022	2381	1016	42,5%
Δ (21-22)	7,1%	8,1%	
2023	2484	1122	45,2%
Δ (22-23)	4,3%	10,4%	
2024	2512	1077	42,9%
Δ (23-24)	1,1%	-4,0%	
2025*	-	1100	-
Δ (24-25)	-	2,1%	

Fonte datos da rede total de Galicia: "Siniestralidad mortal en vías interurbanas de Galicia 2024", DGT.

* Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de Galicia do ano 2025.

Táboa 4.1: Comparación dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos da Rede autonómica coa Rede Total de Galicia.

A CORUÑA			
	Acc. da totalidade da Rede de AC	Accidentes da rede de AC autonómica	Accidentes da rede de AC autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de AC (%)
2016	1072	485	45,2%
2017	1055	487	46,2%
Δ(16-17)	-1,6%	0,4%	
2018	1003	449	44,8%
Δ(17-18)	-4,9%	-7,8%	
2019	1099	517	47,0%
Δ(18-19)	9,6%	15,1%	
2020	734	329	44,8%
Δ (19-20)	-33,2%	-36,4%	
2021	872	419	48,1%
Δ (20-21)	18,8%	27,4%	
2022	964	446	46,3%
Δ (21-22)	10,6%	6,4%	
2023	1073	497	46,3%
Δ (22-23)	11,3%	11,4%	
2024	1028	445	43,3%
Δ (23-24)	-4,2%	-10,5%	
2025*	-	498	-
Δ (24-25)	-	11,9%	

* Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de total da Coruña do ano 2025

Táboa 4.2: Comparación dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos da Rede autonómica coa Rede Total de A Coruña.

	LUGO		
	Acc. da totalidade da Rede de LU	Accidentes da rede de LU autonómica	Accidentes da rede de LU autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de LU (%)
2016	355	138	38,9%
2017	331	123	37,2%
Δ(16-17)	-6,8%	-10,9%	
2018	336	125	37,2%
Δ(17-18)	1,5%	1,6%	
2019	320	123	38,4%
Δ(18-19)	-4,8%	-1,6%	
2020	276	102	37,0%
Δ (19-20)	-13,8%	-17,1%	
2021	261	99	37,9%
Δ (20-21)	-5,4%	-2,9%	
2022	268	91	34,0%
Δ (21-22)	2,7%	-8,1%	
2023	203	81	39,9%
Δ (22-23)	-24,3%	-11,0%	
2024	238	77	32,4%
Δ (23-24)	17,2%	-4,9%	
2025*	-	90	-
Δ (24-25)	-	16,9%	

* Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de total de Lugo do ano 2025

Táboa 4.3: Comparación dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos da Rede autonómica coa Rede Total de Lugo.

	OURENSE		
	Acc. da totalidade da Rede de OU	Accidentes da rede de OU autonómica	Accidentes da rede de OU autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de OU (%)
2016	232	82	35,3%
2017	230	77	33,5%
Δ(16-17)	-0,9%	-6,1%	
2018	246	84	34,1%
Δ(17-18)	7,0%	9,1%	
2019	227	64	28,2%
Δ(18-19)	-7,7%	-23,8%	
2020	215	70	32,6%
Δ (19-20)	-5,3%	9,4%	
2021	223	70	31,4%
Δ (20-21)	3,7%	0,0%	
2022	252	89	35,3%
Δ (21-22)	13,0%	27,1%	
2023	224	86	38,4%
Δ (22-23)	-11,1%	-3,4%	
2024	244	85	34,8%
Δ (23-24)	8,9%	-1,2%	
2025*	-	101	-
Δ (24-25)	-	18,8%	

* Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de total de Ourense do ano 2025

Táboa 4.4: Comparación dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos da Rede autonómica coa Rede Total de Ourense.

	PONTEVEDRA		
	Acc. da totalidade da Rede de PO	Accidentes da rede de PO autonómica	Accidentes da rede de PO autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de PO (%)
2016	1163	549	47,2%
2017	1243	523	42,1%
Δ(16-17)	6,9%	-4,7%	
2018	1275	571	44,8%
Δ(17-18)	2,6%	9,2%	
2019	1137	444	39,1%
Δ(18-19)	-10,8%	-22,2%	
2020	845	368	43,6%
Δ (19-20)	-25,7%	-17,1%	
2021	868	348	40,1%
Δ (20-21)	2,7%	-5,4%	
2022	903	385	42,6%
Δ (21-22)	4,0%	10,6%	
2023	984	457	46,4%
Δ (22-23)	9,0%	18,7%	
2024	1002	470	46,9%
Δ (23-24)	1,8%	2,8%	
2025*	-	411	-
Δ (24-25)	-	-12,6%	

* Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de total de Pontevedra do ano 2025

Táboa 4.5: Comparación dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos da Rede autonómica coa Rede Total de Pontevedra.

Estes datos quedan reflectidos nos seguintes gráficos 4.1 e 4.2.




Gráfico 4.1: Evolución dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos na Rede autonómica e no total de Galicia. (Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de Galicia do ano 2025).




Gráfico 4.2: Porcentaxes dos accidentes con vítimas en tramos interurbanos da Rede autonómica sobre o total da Rede de Galicia. (Non se dispoñen datos da totalidade da Rede de Galicia do ano 2025).

As lonxitudes das distintas redes en Galicia son as seguintes:

Lonxitude da Rede de Interese Xeral do Estado: 2383 Km (13,5% do total).
Lonxitude da Rede autonómica: 5484 Km (31,2% do total).
Lonxitude total da Rede Provincial: 9731 Km (55,3% do total).

Todas estas lonxitudes fan un total de 17.598 Km de estradas pertencentes ás distintas redes dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na seguinte táboa (táboa 4.6.), reflíctense os datos da mortalidade existente nos accidentes producidos na rede da Comunidade Autónoma de Galicia e de España.

	ESPAÑA	GALICIA			
	Mortos da totalidade da Rede de España	Mortos da totalidade da Rede de Galicia	Mortos da rede autonómica	Mortos da rede autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de España (%)	Mortos da rede autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de Galicia (%)
2016	1161	106	44	3,8%	41,5%
2017	1198	76	43	3,6%	56,6%
Δ(16-17)	3,2%	-28,3%	-2,3%		
2018	1188	104	45	3,8%	43,3%
Δ(17-18)	-0,8%	36,8%	4,7%		
2019	1101	88	36	3,3%	40,9%
Δ(18-19)	-7,3%	-15,4%	-20,0%		
2020	874	70	29	3,3%	41,4%
Δ (19-20)	-20,6%	-20,5%	-19,4%		
2021	1002	77	40	4,0%	51,9%
Δ (20-21)	14,6%	10,0%	37,9%		
2022	1148	90	40	3,5%	44,4%
Δ (21-22)	14,6%	16,9%	0,0%		
2023	1140	88	42	3,7%	47,7%
Δ (22-23)	-0,7%	-2,2%	5,0%		
2024	1154	89	51	4,4%	57,3%
Δ (23-24)	1,2%	1,1%	21,4%		
2025	1279	109	41	3,2%	37,6%
Δ (24-25)	-0,9%	9,0%	-19,6%		

Fonte datos da rede total de Galicia e de España: "Siniestralidad mortal en vías interurbanas de Galicia 2024" e "Informe anual 2025 - Balance de las cifras de siniestralidad vial 2025", DGT.

Táboa 4.6. : Comparación do número de mortos en tramos interurbanos da Rede autonómica coa rede total de Galicia.

	A CORUÑA		
	Mortos da totalidade da Rede de AC	Mortos da rede de AC autonómica	Mortos da rede de AC autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de AC (%)
2016	40	21	52,5%
2017	33	22	66,7%
Δ(16-17)	-17,5%	4,8%	
2018	45	24	53,3%
Δ(17-18)	36,4%	9,1%	
2019	39	17	43,6%
Δ(18-19)	-13,3%	-29,2%	
2020	25	10	40,0%
Δ (19-20)	-35,9%	-41,2%	
2021	34	21	61,8%
Δ (20-21)	36,0%	110,0%	
2022	43	24	55,8%
Δ (21-22)	26,5%	14,3%	
2023	26	14	53,8%
Δ (22-23)	-39,5%	-41,7%	
2024	38	23	60,5%
Δ (23-24)	46,2%	64,3%	
2025	42	20	47,6%
Δ (24-25)	-2,3%	-13,0%	

Táboa 4.7. : Comparación do número de mortos en tramos interurbanos da Rede autonómica coa rede total da Coruña.

	LUGO		
	Mortos da totalidade da Rede de LU	Mortos da rede de LU autonómica	Mortos da rede de LU autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de LU (%)
2016	27	11	40,7%
2017	16	4	25,0%
Δ(16-17)	-40,7%	-63,6%	
2018	20	9	45,0%
Δ(17-18)	25,0%	125,0%	
2019	17	6	35,3%
Δ(18-19)	-15,0%	-33,3%	
2020	12	3	25,0%
Δ (19-20)	-29,4%	-50,0%	
2021	10	8	80,0%
Δ (20-21)	-16,7%	166,7%	
2022	17	5	29,4%
Δ (21-22)	70,0%	-37,5%	
2023	16	4	25,0%
Δ (22-23)	-5,9%	-20,0%	
2024	15	8	53,3%
Δ (23-24)	-6,3%	100,0%	
2025	30	12	40,0%
Δ (24-25)	76,5%	50,0%	

Táboa 4.8. : Comparación do número de mortos en tramos interurbanos da Rede autonómica coa rede total de Lugo.

	OURENSE		
	Mortos da totalidade da Rede de OU	Mortos da rede de OU autonómica	Mortos da rede de OU autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de OU (%)
2016	12	3	25,0%
2017	7	4	57,1%
Δ(16-17)	-41,7%	33,3%	
2018	15	4	26,7%
Δ(17-18)	114,3%	0,0%	
2019	8	3	37,5%
Δ(18-19)	-46,7%	-25,0%	
2020	9	3	33,3%
Δ (19-20)	12,5%	0,0%	
2021	8	1	12,5%
Δ (20-21)	-11,1%	-66,7%	
2022	12	6	50,0%
Δ (21-22)	50,0%	500,0%	
2023	22	11	50,0%
Δ (22-23)	83,3%	83,3%	
2024	14	5	35,7%
Δ (23-24)	-36,4%	-54,5%	
2025	14	2	14,3%
Δ (24-25)	-17,6%	-60,0%	

Táboa 4.9. : Comparación do número de mortos en tramos interurbanos da Rede autonómica coa rede total de Ourense.

	PONTEVEDRA		
	Mortos da totalidade da Rede de PO	Mortos da rede de PO autonómica	Mortos da rede de PO autonómica respecto dos accidentes da totalidade da Rede de PO (%)
2016	27	9	33,3%
2017	20	13	65,0%
Δ(16-17)	-25,9%	44,4%	
2018	24	8	33,3%
Δ(17-18)	20,0%	-38,5%	
2019	24	10	41,7%
Δ(18-19)	0,0%	25,0%	
2020	24	13	54,2%
Δ (19-20)	0,0%	30,0%	
2021	25	10	40,0%
Δ (20-21)	4,2%	-23,1%	
2022	18	5	27,8%
Δ (21-22)	-28,0%	-50,0%	
2023	24	13	54,2%
Δ (22-23)	33,3%	160,0%	
2024	22	15	68,2%
Δ (23-24)	-8,3%	15,4%	
2025	23	7	30,4%
Δ (24-25)	0,0%	-53,3%	

Táboa 4.10. : Comparación do número de mortos en tramos interurbanos da Rede autonómica coa rede total de Pontevedra.

A continuación reflíctense os datos mostrados na táboa 4.6. nos seguintes gráficos:




Gráfico 4.3.: Evolución do número de mortos en tramos interurbanos na Rede autonómica e na total de Galicia.





Gráfico 4.4: Porcentaxes do número de mortos en tramos interurbanos da Rede autonómica sobre o total da rede de Galicia.

Igualmente que cos gráficos análogos a estes últimos dos accidentes con vítimas, móstranse as distintas lonxitudes das distintas redes en Galicia:

Lonxitude da Rede de Interese Xeral do Estado: 2383 Km. (13,5% do total).
Lonxitude da Rede autonómica: 5484 Km (31,2% do total).
Lonxitude total da Rede Provincial: 9731 Km (55,3% do total).



ACCIDENTALIDADE NO ANO 2025

ESTUDO PORMENORIZADO DO ANO 2025

Logo de analizarse a evolución de varios aspectos relativos aos accidentes con vítimas e máis á mortalidade ao longo dos últimos dez anos, centrarase o estudio nos datos obtidos do ano 2025, para poder ter unha idea detallada da accidentalidade, factores concorrentes, TCAs, etc, neste último ano na rede de estradas autonómica.

1 ACCIDENTES CON VÍTIMAS

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS ACCIDENTES CON VÍTIMAS E DO NÚMERO DE FALECIDOS

Ao longo do ano 2025 producíronse un total de 1100 accidentes con vítimas na rede autonómica de estradas de Galicia. Nestes accidentes houbo un total de 41 falecidos, 218 feridos graves e 1371 feridos leves, é dicir, un total de 1630 vítimas.

No gráfico 1.1 aparece a distribución dos accidentes con vítimas nas provincias de Galicia, relacionados co número de falecidos, coa súa IMD e máis cos veh-km que soportan as súas redes.

Pódese observar que Pontevedra rexistra un 38% dos accidentes con vítimas, sendo a provincia que máis accidentalidade ten en relación cós quilómetros de rede que conta e en relación cos veh-km que ten, soportando unha IMD superior á media da Comunidade nun 46%.

A provincia de Lugo é a provincia onde a gravidade dos accidentes é a máis alta, xa que presenta un 29% de falecidos nun 8% de accidentes.

	Accidentes con vítimas	Nº mortos	Veh-Km (x 10^6)	Lonxitude Rede (Km)	IMD media
A Coruña	498	20	2.864	1.711	4.586
Lugo	90	12	900	1.474	1.673
Ourense	101	2	694	1.020	1.864
Pontevedra	411	7	2.301	1.279	4.929
Total	1.100	41	6.759	5.484	3.377

Táboa 1.1: Distribución provincial ano 2025. Rede autonómica.




Gráfico 1.1: Distribución provincial ano 2025. Rede autonómica.




Gráfico 1.2: Distribución provincial do % IMD media no ano 2025. Rede autonómica.

DISTRIBUCIÓNS MENSUAIS, SEMANAIS E DIARIAS DOS ACCIDENTES CON VÍTIMAS E DO NÚMERO DE FALECIDOS

Os 1100 accidentes con vítimas producidos na rede autonómica de Galicia durante o ano 2025, repartíronse ao longo do ano tal e como se mostra no gráfico 1.3.




Gráfico 1.3: Distribución mensual do número de accidentes con vítimas no ano 2025. Rede autonómica.

Os 41 falecidos que se rexistraron na totalidade de accidentes distribuíronse segundo o gráfico 1.4, podéndose apreciar que os meses nos que se produciron máis falecidos con respecto á accidentalidade rexistrada foron agosto e xuño, seguidos de outubro.




Gráfico 1.4: Distribución mensual do número de falecidos no ano 2025. Rede autonómica.

Móstrase, a continuación, a gráfica do tráfico mensual na rede de estradas autonómica, é dicir, o gráfico da porcentaxe de IMDs mensuais medias con respecto á IMD anual media do ano 2025.




Gráfico 1.5: Distribución IMDs mensuais medias 2025. Rede autonómica

A distribución semanal dos accidentes ao longo do ano 2025 móstrase no gráfico 1.6. Obsérvase cómo os accidentes son máis numerosos os luns e os venres.




Gráfico 1.6: Distribución semanal dos accidentes con vítimas no ano 2025. Rede autonómica.

Co obxecto de poder relacionar datos, é interesante coñecer as horas nas que se produciron os accidentes no ano 2025, segundo o día da semana. Deste xeito e segundo aparece reflectido no gráfico 1.7, nos sábados hai unha porcentaxe superior ao resto da semana de accidentes en horas nocturnas, en relación cos accidentes de cada un dos días.




Gráfico 1.7: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo o día da semana e a hora. Rede autonómica.

Interesante é comparar a gráfica 1.7 coa que segue a continuación sobre o tráfico semanal na rede autonómica, é dicir, o gráfico da porcentaxe de IMDs semanais medias con respecto á IMD anual media do ano 2025.




Gráfico 1.8: Distribución IMDs semanais medias 2025. Rede autonómica

En relación coa gravidade dos accidentes, é dicir, co número de falecidos respecto do número de accidentes, apréciase que os domingos e os xoves son os días nos que se rexistra a maior gravidade dos accidentes (gráfico 1.9).




Gráfico 1.9: Distribución semanal do número de mortos no ano 2025. Rede autonómica.

No seguinte gráfico (gráfico 1.10) móstranse o número de falecidos respecto de cada día da semana e da hora na que se produciu o accidente.




Gráfico 1.10: Mortos no ano 2025 segundo o día da semana e a hora. Rede autonómica.

DISTRIBUCIÓNS HORARIAS DOS ACCIDENTES CON VÍTIMAS E DO NÚMERO DE FALECIDOS

Segundo os gráficos 1.11 e 1.12 de distribución horaria dos accidentes e de falecidos no ano 2025, o maior número de accidentes con vítimas produciuse entre as 19.00 h e as 20:00 h. Os accidentes máis graves producíronse entre as 04:00 e as 05:00 h.




Gráfico 1.11: Distribución horaria dos accidentes con vítimas no ano 2025. Rede autonómica.





Gráfico 1.12: Distribución horaria do número de mortos no ano 2025. Rede autonómica.

Engádese a gráfica de tráfico horario medio na rede de estradas autonómicas de Galicia, para os efectos de poder ver a relación existente entre a IMD e o número de accidentes e mortos.

IMDS HORARIAS MEDIAS 2025 REDE AUTONÓMICA DE GALICIA



TIPOS DE ACCIDENTES NO ANO 2025

Segundo aparece no gráfico 1.13, o 20,9% (230) dos accidentes con vítimas no ano 2025 na rede da Comunidade Autónoma foron colisións frontolaterais, mentres que o 15,3% (168) foron producidos por alcances e outro 15,3% (168) foron choques. O 19,6% (216) foron doutro tipo.

Respecto do número de falecidos, obsérvase no gráfico 1.14 que as colisións frontais son os accidentes máis graves (12 falecidos en 76 accidentes). En segundo lugar en gravidade sitúanse os atropelos a peóns (7 falecidos en 68 accidentes). Os accidentes con menos falecidos por accidente son os alcances (1 falecido en 168 accidentes con vítimas).

Os tipos de accidentes están agrupados do seguinte xeito:

- Frontal.
- Frontolateral.
- Lateral.
- Alcance.
- Múltiple ou en caravana.
- Saídas de vía con envorco: Con e sen colisión (dereita ou esquerda); envorco en calzada.
- Saídas de vía con choque: Con árbore ou poste (dereita ou esquerda); con gabia, foxo ou bordo (dereita ou esquerda); con muro ou edificio (dereita ou esquerda); barreira de defensa e outro tipo de choques.
- Peóns: Illado ou en grupo; reparando vehículo; sostendo bicicleta; condutor de animais.
- Animais: Animal conducido ou rabaño; animais soltos.
- Outros: despenamento con e sen colisión (dereito ou esquerdo); en plano con e sen colisión (dereita ou esquerda); outra saída da calzada con e sen colisión (dereita ou esquerda); outro obxecto ou material; vehículo estacionado ou avariado; outro.




Gráfico 1.13: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo o tipo de accidente: Rede autonómica.




Gráfico 1.14: Número de mortos no ano 2025, segundo o tipo de accidente. Rede autonómica.

POSIBLES CAUSAS POLAS QUE SE PRODUCIRON OS ACCIDENTES NO ANO 2025

Tal e como se pode observar no gráfico 1.15, as causas máis frecuentes polas que se producen os accidentes son as infraccións ás normas de circulación, seguidas das distraccións e dunha velocidade inadecuada. Estes tres grupos engloban o 66% do total.

Nos gráficos da páxina seguinte reflíctese a gravidade dos accidentes segundo as súas causas. Pódese apreciar que os accidentes cunha maior porcentaxe de mortalidade respecto do número de accidentes que se rexistraron no ano 2025 son os producidos pola irrupción do peón, onde se rexistraron 5 falecidos en 22 accidentes. Síguenlle os accidentes que son causados pola meteoroloxía adversa e o alcohol.




Gráfico 1.15: Porcentaxes dos accidentes con vítimas, segundo as posibles causas. Rede autonómica.




Gráfico 1.16: Porcentaxes dos mortos, graves e leves, segundo as posibles causas. Rede autonómica.

2 FACTORES CONCORRENTES DOS ACCIDENTES

Os partes de accidentes conteñen unha grande variedade de datos acerca das circunstancias nas que se produciu cada accidente, xa sexa referidos á estrada, ao clima, condutores, vehículos, etc. Neste apartado estúdanse globalmente algunhas das circunstancias máis importantes relacionadas cos accidentes no ano 2025.

ESTADO DA CALZADA

No ano 2025 o 69,64% dos accidentes producíronse coa calzada seca e limpa. Con calzada mollada producíronse o 29% dos accidentes.




Gráfico 2.1: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo o estado da calzada. Rede autonómica.

Seguidamente, no gráfico 2.2. móstranse as porcentaxes do número de mortos, feridos graves e feridos leves dos accidentes do ano 2025, segundo o estado da calzada.




Gráfico 2.2: Mortos, feridos graves e leves, segundo o estado da calzada. Ano 2025. Rede autonómica.

FACTORES ATMOSFÉRICOS

Este parámetro está relacionado estreitamente co estado da superficie, e como é lóxico, os resultados coinciden en grande parte. Ver gráficos 2.3. e 2.4.

Os accidentes máis graves foron os producidos con tempo nubrado que rexistrou 8 falecidos en 173 accidentes, seguidos dos producidos con bo tempo, 26 falecidos en 705 accidentes.




Gráfico 2.3: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo os factores atmosféricos. Rede autonómica.




Gráfico 2.4: Mortos, graves e leves nos accidentes do 2025, segundo os factores atmosféricos. Rede autonómica.

A continuación, móstrase a proporción de accidentes rexistrados segundo os factores atmosféricos en cada unha das provincias. Os datos da porcentaxe de días de chuvia obtivéronse das estacións meteorolóxicas xestionadas por Meteogalicia, pertencente á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Os datos aportados son os datos obtidos nas estacións meteorolóxicas principiais: CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Ourense-Ourense e Lourizán.




Gráfico 2.5: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo os factores atmosféricos, A Coruña. Rede autonómica.





Gráfico 2.6: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo os factores atmosféricos, Lugo. Rede autonómica.






Gráfico 2.7: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo os factores atmosféricos, Ourense. Rede autonómica.





Gráfico 2.8: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo os factores atmosféricos, Pontevedra. Rede autonómica.



LUMINOSIDADE

Neste apartado móstrase a proporción de accidentes diúrnos e nocturnos, e dentro destes últimos, a existencia de sistemas de iluminación e a súa suficiencia, segundo a valoración dos partes dos accidentes.

En relación coa gravidade dos accidentes, os que teñen as cifras máis desfavorables son os producidos sen iluminación con 10 falecidos en 130 accidentes e no crepúsculo, con 3 falecidos en 51 accidentes.




Gráfico 2.9: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo a luminosidade. Rede autonómica.




Gráfico 2.10: Mortos, feridos graves e leves no ano 2025, segundo a luminosidade. Rede autonómica.

TRAZADO DA VÍA

Da análise dos datos correspondentes (extraídos dos partes dos accidentes), obsérvase que os accidentes producidos no ano 2025 foron un 60,91% en recta, un 19,36% en curva con sinal e un 18,91% en curva sen sinal (gráfico 2.11).

No gráfico 2.12 relaciónanse os accidentes do ano 2025 segundo o tipo de accidente e o trazado da vía existente. A estes efectos dividíronse os tipos de accidentes do seguinte xeito:

- Frontal.
- Frontolateral.
- Lateral.
- Alcance.
- Múltiple ou en caravana.
- Saídas de vía con envorcos: Con e sen colisión (dereita ou esquerda); envorco en calzada.
- Saídas de vía con choque: Con árbore ou poste (dereita ou esquerda); con gabia, foxo ou bordo (dereita ou esquerda); con muro ou edificio (dereita ou esquerda); barreira de defensa e outro tipo de choques.
- Peóns: Illado ou en grupo; reparando vehículo; sostendo bicicleta; condutor de animais.
- Animais: Animal conducido ou rabaño; animais soltos.
- Outros: despenamento con e sen colisión (dereito ou esquerdo); en plano con e sen colisión (dereita ou esquerda); outra saída da calzada con e sen colisión (dereita ou esquerda); outro obxecto ou material; vehículo estacionado ou avariado; outro.

En canto á gravidade dos accidentes producidos no ano 2025, segundo o trazado da vía, pódese ver no gráfico 2.13 que os accidentes máis graves son os producidos en curva sen sinal (22 mortos en 208 accidentes), seguidos dos producidos en curva con sinal (10 mortos en 213 accidentes).




Gráfico 2.11: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo o trazado da vía. Rede autonómica.




Gráfico 2.12: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo o tipo de accidente e o trazado da vía. Rede autonómica.




Gráfico 2.13: Mortos, feridos graves e leves no ano 2025, segundo o trazado da vía. Rede autonómica.

ZONA DA VÍA

A continuación, móstranse os datos da siniestralidade, segundo se producira o accidente en zona de travesía ou fóra dela (zona de estrada). Ver gráfico 2.14.

Os accidentes con máis mortos son os producidos na estrada (29 mortos en 609 accidentes rexistrados). En travesía rexistráronse 12 mortos en 491 accidentes. Ver gráfico 2.15.




Gráfico 2.14: Accidentes con vítimas no ano 2025, segundo a zona da vía. Rede autonómica.




Gráfico 2.15: Mortos, feridos graves e leves no ano 2025, segundo a zona da vía. Rede autonómica.

A accidentalidade segundo a zona na que se rexistre, por provincias, móstrase nos seguintes gráficos:




Gráfico 2.16: Accidentes no ano 2025 segundo a zona da vía, por provincias. Rede autonómica.

TIPO DE VÍA

Dentro dos diferentes tipos de vía, case a totalidade dos 1100 accidentes rexistrados no ano 2025, producíronse en estrada convencional (o 87%). Estes datos reflíctense no gráfico 2.17.

Nos gráficos 2.18, 2.19 e 2.20 preséntanse, aos efectos de poder relacionar as catro provincias, as porcentaxes dos accidentes segundo a lonxitude, os veh-km e o tipo de vía.

Pódese apreciar que nas autoestradas e autovías, A Coruña é a provincia que presenta maior proporción de accidentes respecto dos veh-km e Pontevedra é a provincia con máis accidentes respecto da lonxitude de autoestradas e autovías nesa provincia. A maioría dos accidentes con vítimas do ano 2025 en autoestradas e autovías producíronse na provincia da Coruña cun 67% dos accidentes, seguida de Pontevedra cun 27%.

Nas vías para automóbiles, é a provincia de Lugo a que rexistra un maior número de accidentes con vítimas con respecto aos veh-km, e Pontevedra é a provincia que presenta un maior número de accidentes con vítimas con respecto da lonxitude das vías galegas para automóbiles nesa provincia.

Respecto do gráfico que relaciona as vías convencionais das catro provincias, pódese apreciar que Pontevedra, seguida de A Coruña, son as provincias que teñen un maior número de accidentes en relación cos veh-km que rexistran as vías convencionais respectivamente nesas provincias. En relación coas lonxitudes, Pontevedra tamén presenta maior número de accidentes, seguida de A Coruña.

Atendendo ao gráfico 2.21. en relación coa gravidade dos accidentes segundo sexa o tipo de vía onde se produza o accidente, os accidentes rexistrados nas vías para automóbiles (5 mortos e 8 feridos graves en 26 accidentes) foron os máis graves con respecto ao número de falecidos e feridos graves por accidente rexistrado, seguidos das vías convencionais (36 falecidos e 192 feridos graves en 960 accidentes). Os accidentes ocorridos en autoestradas e autovías rexistraron 0 falecidos e 18 feridos graves en 114 accidentes.




Gráfico 2.17: Accidentes con vítimas no ano 2025 segundo o tipo de vía. Rede autonómica.




Gráfico 2.18: Distribución provincial. Autoestradas e autovías. Ano 2025. Rede autonómica.




Gráfico 2.19: Distribución provincial. Vías para automóbiles. Ano 2025. Rede autonómica.




Gráfico 2.20: Distribución provincial. Vías convencionais. Ano 2025. Rede autonómica.




Gráfico 2.21: Mortos, feridos graves e leves no ano 2025, segundo o tipo de vía. Rede autonómica.

TIPO DE REDE


O catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia categoriza funcionalmente as estradas autonómicas nas categorías establecidas no Regulamento xeral de estradas de Galicia: rede estruturante, rede complementaria e rede local.

Nos gráficos 2.23, 2.24 e 2.25 preséntanse, aos efectos de poder relacionar as catro provincias, as porcentaxes dos accidentes segundo a lonxitude, os veh-km e o tipo de rede.

A provincia de Pontevedra é a provincia que presenta maior proporción de accidentes con respecto aos veh-km e a lonxitude das vías na rede estruturante. Na rede complementaria, Pontevedra presenta maior proporción de accidentes con respecto á lonxitude e a provincia da Coruña ten maior número de accidentes con respecto aos veh-km.

Na rede local, A Coruña é a provincia que presenta maior proporción de accidentes con respecto aos veh-km e a lonxitude.

Atendendo ao gráfico 2.26, en relación coa gravidade dos accidentes, segundo sexa o tipo de rede da vía onde se produza o accidente, os accidentes rexistrados na rede complementaria (14 mortos en 238 accidentes) son os máis graves atendendo ao número de mortos por accidente, seguidos dos accidentes rexistrados na rede estruturante e, en menor medida, na rede local.



. Gráfico 2.22: Accidentes con vítimas no ano 2025 segundo o tipo de rede. Rede autonómica.




Gráfico 2.23: Distribución provincial. Rede estruturante. Ano 2025. Rede autonómica.




Gráfico 2.24: Distribución provincial. Rede complementaria. Ano 2025. Rede autonómica.




